



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA EDEUCACIÓN

ACLARACIÓNS SOBRE O PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DE MESTRADO

1. As listas de admitidos, agarda e excluídos poden variar desde o día 18 de Xullo en que se publica a lista provisional ata o día 31 de Xullo, no que se publican as listas definitivas. Esta variación débese a que os/as solicitantes poden aportar ou completar documentación ata o día 26 de Xullo. Esta documentación será valorada de novo pola Comisión de Selección antes da publicación das listas definitivas.
2. É frecuente que non todo o alumnado seleccionado para un Mestrado chegue a matricularse, deixando prazas vacantes. **Por iso prégase a aquel alumnado que decida renunciar á matrícula, o comunique o antes posible á secretaría administrativa (administración.educacion@udc.es).** Isto permite cubrir a vacante, dando paso a alumnado da lista de agarda, sempre que se produzan renuncias dentro do prazo de cada preinscripción/matriculación.
3. Os integrantes da lista de agarda incorporaranse na lista provisional do segundo prazo sen necesidade de facer unha nova inscrición, agás renuncia expresa ou que exista constancia de que formalizaron a matrícula noutro mestrado. Estas solicitudes, xunto coas novas do segundo prazo, serán baremadas, realizándose unha nova ordenación para a asignación das prazas vacantes.